



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Delegación das funcións do alcalde no primeiro tenente de alcalde os días 12, 13, 14, 26, 27 e 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo de 2025

RESOLUCIÓN

Asunto: Delegación das funcións do alcalde no primeiro tenente de alcalde os días 12, 13, 14, 26, 27 e 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo de 2025

EXPEDIENTE: 2024/G003/000779

ANTECEDENTES

1 Na Resolución da Alcaldía número 556/2023, do 4 de xullo, nomeei tenentes de alcalde as concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, que me substituirán nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2 Correspóndelles aos tenentes de alcalde substituír ao alcalde pola orde do seu nomeamento, de conformidade co artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e cos artigos 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3 Vou estar ausente do termo municipal os días 12, 13, 14, 26, 27 e 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo, polo que non me é posible atender as miñas responsabilidades como alcalde.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigos 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1981, do 2 de abril.

Polo anterior,

RESOLVO:

1 Delegar a totalidade das miñas funcións no primeiro tenente de alcalde, Juan Ramón Vidal Torrado, os días 12, 13, 14, 26, 27 e 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo de 2025. A resolución producirá efectos dende o día seguinte de asinar, sen prexuízo da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

2. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria celebren.

3 Notificarlle esta resolución ao primeiro tenente de alcalde, indicándolle o réxime de recursos que pode presentar.

Ponteceso, 27 de xaneiro de 2025

O alcalde, José Manuel Mato Martínez

2025/485